

XUNTA DE COORDINACIÓN DO VALEDOR DO POBO CELEBRADA O 2 DE ABRIL DE 2018

DATA: 2 de abril de 2018

HORA DE COMEZO: 09.30 h

HORA DE REMATE: 10.00 h

ASISTENTES:

Dona Milagros María Otero Parga (valedora do pobo)

Don Pablo Cameselle Martínez (adxunto do valedor)

Don Fernando Luis de Andrés Alonso (secretario xeral)

Dona María Beatriz González Moreno (coordinadora xeral)

Dona María Puy Fraga (xefa de servizo I)

Don Santiago González Serrano (xefe de servizo II)

Don José Ramón Cólera Leirado (asesor)

Dona Nuria Palmero Sande (asesora)

Dona Cristina Fernández San Silvestre (asesora)

Orde do día:

- 1.- Estado das queixas e outros temas
- 2.- Remodelación de áreas e demais funcións
- 3.- Rogos e preguntas

Deliberacións

1- Estado das queixas e outros temas

A valedora informa de que xa falou co presidente do Parlamento de Galicia para indicarlle que se rematou o Informe Anual de 2017 e que poderá presentarse cando dispoña. Estamos á espera da data de presentación.

Os responsables técnicos das áreas sinalan que tramitan os expedientes sen incidencias salientables.

2- Remodelación de áreas e demais funcións

A valedora expón que nos atopamos a metade do exercicio das súas funcións (dous anos e medio dende a súa toma de posesión). Se atopa satisfeita do traballo desenvolvido nas diferentes áreas, pero considera adecuado facer unha nova asignación de funcións á vista da experiencia, fundamentalmente para equilibrar as cargas de traballo. A reasignación será a seguinte:

-Adxunto, D. Pablo Cameselle: coordinación das áreas de protección dos dereitos LGTBI e de igualdade co fin de intensificar as canles de diálogo coas organizacións que promoven ou colaboran na defensa dos dereitos e co fin de actuar de oficio cando se detecten situacións que o precisan.

-Secretario Xeral, D. Fernando de Andrés: continuará coa supervisión xeral, a área de servizos sociais e coas tarefas do Comisionado da Transparencia.

-Coordinadora Xeral, D^a Beatriz González: encargarse da área de protección dos dereitos LGTBI no que atinxa á administración de educación.

-D^a Nuria Palmero encargarse da área de protección dos dereitos LGTBI no que atinxa aos servizos sanitarios.

-D^a Cristina Fernández será responsable das áreas que xa tiña encomendadas e engadirá Medio Ambiente.

-Os responsables técnicos D. Salvador Fernández e D. José Ramón Cólera seguirán coas mesmas áreas.

-Isabel Alvite farase cargo da área de Sociedade da Información.

-Levarase a próxima Comisión da Transparencia que a xefe de servizo D^a María Puy deixe a secretaría da mesma e que se faga cargo o outro xefe de servizo, D. Santiago González. D^a María Puy levará as áreas de igualdade e de transparencia, e manterá as súas funcións ordinarias como xefe de servizo (persoal e administración de servizos). Tamén encargarse da publicidade activa.



Valedor
do Pobo
Galicia

-Santiago González encargárase da contratación e despois de oír á Comisión da Transparencia, no seu caso, da secretaría da mesma.

3- Rogos e preguntas

Non hai rogos e preguntas

Sen máis asuntos que tratar, remata a sesión. Redacto esta acta como secretario da Xunta de Coordinación.

O secretario xeral
Fernando de Andrés Alonso

V. e Pr.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo

